


December 4th, 2019
Rapochá, library mascot



Fina Casalderrey Library
Igrexa-Valadares
Multilingual school

Que tal estades rapaciños e rapaciñas?

Quero felicitarvos pola vosa participación no concurso de receitas, probeinas todas e estaban deliciosas!

Xa non queda nada para que comece o Nadal e as tan desexadas festas... Estades ensaiando xa as panxoliñas?

Anímovos a participar no concurso de "tarxetas de Nadal" que todos os anos facemos por estas datas. Este curso debe cumprir os seguintes requisitos:

- Será unha fotografía dalgún alimento ou composición de alimentos ambientada no Nadal.
- Débese enviar ao correo electrónico bibliotecaigrexavaladares@gmail.com ou entregar impresa en papel fotográfico.
- Non pode estar retocada.
- **A data límite de entrega será o luns 9 de decembro.**

Por outra banda, este curso faremos unha árbore de Nadal entre todos os nenos e nenas do colexio. Cada un, na hora de plástica, preparará un adorno para decoralo, e o último día de clase antes das vacacións, poderedes recollelo para decorar o voso fogar.

Non esquezades que o último día de clase celebraremos a entrega de premios do 1º trimestre e teremos, coma sempre, a despedida do ano.

Ide pensando o guapos e guapas que ides vir ese día ao cole e non vos esquezades de pedir polo Nadal algún libriño.

See you soon!